



Tui, 19 de decembro de 2017



Estimados pais/nais de alumnos e alumnas:

Neste final de trimestre realizamos numerosas actividades co alumnado:

- Visita do alumnado de Educación Infantil á Residencia San Telmo o mércores, 20-12-17.
- “Coas nosas mans, o teu sorriso” pretende levar, a través dos lenzos realizados polo alumnado, unha imaxe cálida ao centro de saúde e as residencias de maiores de Tui.
- Exposición de postais do Nadal que poden visitar nos corredores coincidindo co horario de entrada e saída.
- O xoves, 21-12-17 teremos para o alumnado as seguintes actividades:
 - o Charla da ONG Cooperación Internacional para o alumnado de 4º, 5º e 6º
 - o Rondalla do alumnado de 1º.
 - o Visita de Papá Noel.
 - o Festa Fin de Trimestre con cuchipanda nas aulas e música. Pregamos que os nenos/as traian alimentos típicos do nadal.
- O “Coro da Lúa” vai cantar o día 03-01-18 na catedral de Tui, ás 17:00 h.

Informarlles tamén que, segundo recolle o calendario escolar, non temos clase a partir do venres, 22-12-17. As clases continuarán o luns, 08 de xaneiro de 2018.

Agradecemos a súa colaboración.

Bo Nadal para todos e para todas!

